



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN ARELA PARA A DIFUSIÓN E PUBLICIDADE DA MEDIDA XUDICIAL DE CONVIVENCIA CON PERSOA OU FAMILIA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

No lugar e data da súa sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, en nome e representación desta, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto, 42/2024, do 24 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

Dunha parte

Doutra parte, Julio Barreiro González con DNI nº 73241680C, director da Asociación Arela (en adiante Arela) con NIF G-36846152 e domicilio social en R/ Ernesto Lecuona, 11 baixo - Vigo, que actúa no seu nome e representación en virtude do apoderamento outorgado en escritura perante a notario Gabriela Marqués Mosquera co número 297 do seu protocolo en O Barco o 16 de febreiro de 2023.

Ambas as dúas partes, con capacidade xurídica bastante e os representantes con poderes suficientes e axeitados en dereito para obrigar as súas representadas,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.

A Consellería de Política Social e Igualdade, ten asumidas entre as súas competencias, de acordo co establecido no artigo 14.1.b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

SEGUNDO.

O artigo 7.1.j) da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, regula dentro das medidas susceptibles de ser impostas aos menores a de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo.

A persoa sometida a esta medida debe convivir, durante o período de tempo establecido polo xuíz ou xuíza, con outra persoa, cunha familia distinta a súa ou cun grupo educativo, axeitadamente seleccionados para orientala no seu proceso de socialización.

Un dos aspectos claves sobre os que se vertebra a medida de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo é a existencia de persoas ou familias que colaboren na execución da dita medida, proporcionándolle á persoa menor un entorno diferente ao propio, no que desenvolva as súas vivencias básicas e educativas.





TERCEIRO.

Arela é unha entidade sen ánimo de lucro de natureza asociativa que ten como fins o desenvolvemento integral da infancia e da mocidade en Galicia en situación de desprotección e/ou conflito social, fomentando iniciativas de calidade e normalizadoras, cun compromiso continuo pola xustiza social, a través da implicación das persoas que a constitúen. Está inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 1998/127 e recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E4168.

CUARTO.

Arela ten subscrito coa Consellería con competencias en materia de Política Social, un concerto social para levar a cabo a unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores na provincia de Pontevedra. Ao abeiro do establecido no dito concerto leva a cabo un labor centrado na reinserción e reeducación das persoas menores que executan medidas non privativas de liberdade nesa provincia.

O exposto determina o seu coñecemento na necesidade da difusión da dita medida entre as persoas e familias na Comunidade autónoma, dispoñendo a entidade dun tecido asociativo amplo que facilita as actividades de difusión e visibilidade.

QUINTO

A Consellería de Política Social e Igualdade considera de especial importancia favorecer a intervención que vén desenvolvendo a Arela, co fin de levar a cabo a súa labor social a través da concesión directa dunha subvención destinada aos gastos do proxecto de difusión e publicidade.

De acordo co establecido no artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto a financiar ten por obxecto o fomento dunha actividade de interese social en canto vai destinado a difundir unha medida xudicial de convivencia con persoa ou familia na provincia de Pontevedra.

Así mesmo o artigo 19.4 c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

O carácter singular deste proxecto, sen convocatoria pública, xustifícase en que sendo Arela a única que desenvolve o programa de convivencia con familias para a execución da medida xudicial de convivencia de persoas ou familias con menores derivados a tal fin polo xulgado de menores de Pontevedra, considérase que dispón da experiencia e coñecemento na dita medida necesarios para levar a cabo a difusión e publicidade do proxecto.

Polo exposto, as partes comparecentes na representación que ostentan acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS





PRIMEIRA. *Obxecto*

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Arela para a concesión dunha subvención á dita entidade para a realización de actividades de difusión e publicidade da medida para a convivencia de persoas ou familias con menores que sexan derivados a tal fin polo xulgado de menores de Pontevedra.

SEGUNDA. *Persoas destinatarias da actividade de difusión*

Serán destinatarias da actividade de difusión as persoas e familias interesadas na Comunidade Autónoma que reciban a información sobre a medida de convivencia con outra persoa ou familia imposta polo Xulgado de Menores.

TERCEIRA. *Obxectivos e actividades a subvencionar*

1. O obxectivo xeral das actividades é facilitar a información axeitada as ditas persoas ou familias para o coñecemento desta medida de convivencia para proporcionar ao menor un ambiente de socialización positivo, mediante a súa convivencia, durante o tempo determinado polo xuíz, cunha persoa ou familia distinta á súa que se ofrezca a cumprir a función da familia no que respecta ao desenvolvemento de pautas socioafectivas prosociais no/a menor.

Como obxectivos específicos determínanse:

- a) Establecer canles de comunicación con diferentes foros, entidades e asociacións co fin de darlle publicidade á medida.
- b) Difundir información dirixida á sociedade sobre a lei do menor, as medidas xudiciais e particularmente a medida de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo e a súa existencia.
- c) Informar ás persoas interesadas na medida sobre as necesidades e características das persoas menores suxeitas ao cumprimento de medidas xudiciais e sobre as habilidades e estratexias necesarias para afrontar a convivencia durante a dita medida.

2. Para a súa consecución, as actuacións que se compromete a levar a cabo Arela durante o período son:

- a) A difusión da medida a través de medios de comunicación e redes sociais así como contactos con institucións, colexios profesionais e colectivos asociacionais.
- b) Información ás persoas e familias interesadas sobre as obrigas civís propias da garda que leva consigo a execución da medida de convivencia e a información sobre o cumprimento necesario dos requisitos de estar en pleno exercicio dos seus dereitos civís e non estaren incursas en ningunha das causas de inhabilitación establecidas para os titores no Código Civil para as persoas seleccionadas.
- c) Información ás ditas persoas e familias interesadas sobre os seguintes aspectos:
 - Marco legal aplicable.
 - A relación intra familiar (organización familiar, normas e límites).
 - Habilidades e estratexias na convivencia cun menor.
 - Perfil das persoas menores sometidas ao cumprimento de medidas xudiciais.

3. Designar un coordinador/a xeral, máximo responsable das actividades de difusión, que desenvolva as actuacións de coordinación na provincia cos profesionais necesarios que levarán a cabo a difusión da medida na provincia de Pontevedra.





4. Proporcionar, a través dos seus propios medios ou contando coa colaboración de institucións e entidades, os locais onde se levarán a cabo as actividades de difusión da medida.

CUARTA. Compromisos de Arela

1. Para poder ser beneficiaria da axuda, a entidade deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que a seguir se relacionan:

- a) Non ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarada insolvente en ningún procedemento, non ter sido declarada en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeita a intervención xudicial ou ser inhabilitada conforme á Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Non dar lugar, por causa da que fora declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal de outras persoas xurídicas en algún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións mediante a Lei 9/2007, do 13 de xuño ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A entidade beneficiaria debe cumprir, ademais, coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e que son, entre outras, as seguintes:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.





d) Acreditar que esta ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

e) Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da Consellería de Política Social e Igualdade, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previsto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola consellería agás oposición expresa da persoa solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTA. Persoal para o desenvolvemento das actividades de difusión

Para o desenvolvemento das actividades Arela contará cun profesional educador/a social que dará difusión á medida e informará sobre todos os aspectos da mesma ás persoas e familias interesadas.

O equipo que Arela poña a disposición destas actividades en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Igualdade concedente da subvención, debendo ser esta entidade a que imparta as oportunas ordes ao seu persoal e a que ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes á súa condición de empregador.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que desenvolvan as actividades e a Consellería de Política Social e Igualdade, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SEXTA. Condicións económicas

1. Para a execución das actividades a subvencionar e de acordo co establecido no artigo 21.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a Arela, a cantidade de vinte e seis mil novecentos con trinta e dous (26.900,32€), con cargo á aplicación orzamentaria 38.02.312B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 na que existe crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio, gastos que deberán xustificarse de forma apropiada de acordo coas súas cláusulas.

As ditas cantidades destinaranse a soportar os gastos que aparecen desagregados no anexo e que de xeito indubidable se destinen á realización do programa obxecto do convenio. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada no convenio non varíe.

2. Ao amparo do previsto nos artigos 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o pagamento da contía referida deste convenio farase do seguinte xeito:

- Ata o 80% do total concedido (21.520,26€) poderase facer efectivo mediante pagos parciais a conta da liquidación definitiva na medida en que a entidade xustifique a realización da actividade e os gastos e pagos realizados.





A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías ás que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4 f) do dito decreto.

- O 20% restante (5.380,06€) pagarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

3. A dita xustificación farase coa achega da seguinte documentación:

Certificación, expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluírá:

- Relación de facturas.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior.

- Documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu xustificante de pagamento e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC).

- Xustificante de pagamento dos gastos realizados e pagados segundo o establecido no parágrafo 2º do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta documentación non será esixible para aqueles gastos realizados no derradeiro mes de vixencia do convenio, cuxo pagamento efectivo sexa imposible dentro do prazo de xustificación por causas non imputables a Arela. Nestes casos será suficiente coa presentación das facturas devindicadas no período, conforme ao indicado na liña anterior, sen prexuízo do sometemento ás actuacións de comprobación e control posteriores.

- Memoria xustificativa das actividades desenvolvidas, na que se recolla as actuacións levadas a cabo pola asociación en relación coas actividades obxecto da concesión da subvención a través do convenio, con indicación das persoas ou familias participantes.

- Declaración responsable de que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendentes de pagamento débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia nin é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No momento da xustificación da execución total do proxecto e en calquera caso antes do derradeiro pagamento, Arela achegará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para estes mesmos fins, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos ou entes.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte de Arela, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

4. De conformidade co disposto no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, establécese como data límite do prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas no marco deste convenio o 10 de decembro de 2024.

SÉTIMA. Compatibilidade





Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Co importe das axudas previstas neste convenio en ningún caso se poderá superar o custo da actividade que desenvolverá a entidade beneficiaria da subvención, sexa illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

OITAVA. *Protección de datos*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

NOVENA. *Seguimento*





Para o seguimento deste convenio de colaboración se creará unha Comisión Mixta de Seguimento que terá como funcións velar polo cumprimento do que nel se establece, tratar de resolver as cuestións que xurdan durante a súa execución, así como avaliar o seu funcionamento e eficacia.

Esta comisión, presidida pola representante da administración, estará integrada por:

- a) A persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou persoa que a supla de acordo co establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.
- b) O presidente de Arela ou persoa que o supla de conformidade cos seus estatutos.

A secretaría, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle á persoa que designe a persoa titular da presidencia da Comisión, de entre o persoal funcionario da Dirección Xeral competente en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Contará con voz pero non voto.

A comisión reunirse polo menos dúas veces ao ano; unha tras a sinatura deste convenio e outra tras a remisión da memoria anual. Ademais reunirse tantas veces como sexa necesario por solicitude xustificada de calquera das partes.

A dita comisión réxese polo establecido neste convenio e polas previsións que para os órganos colexiados se conteñen na Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA. Vixencia

O presente convenio de colaboración terá unha duración dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que comprender os gastos das actuacións que constitúen o seu obxecto se iniciasen no mes de xaneiro de 2024.

DÉCIMO PRIMEIRA. Causas de resolución e efectos

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- A aplicación dos fondos a fins distintos de aqueles que motivaron a concesión da subvención.
- O transcurso do tempo fixado sen que se execute o gasto obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fórao caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos intereses de demora devengados dende o momento do seu pago ata a data na que se acorde a orixe do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente se procederá, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao disposto no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO SEGUNDA. Natureza xurídica e cuestións litixiosas





O presente convenio de colaboración terá carácter administrativo e os seus efectos réxense polo establecido nas súas cláusulas, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014.

As cuestións litixiosas que xurdan da súa interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas pola persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo o disposto na Lei 29/1998, de 13 de xuño, reguladora desta xurisdición.

DÉCIMO TERCEIRA. *Publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Arela terá a obriga de subministrarlle á Consellería toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de acordo co disposto no artigo 4 da dita lei.

De conformidade coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, no lugar e na data da súa sinatura dixital.

A Conselleira de Política Social e Igualdade

O representante legal da Asociación Arela

Fabiola García Martínez

Julio Barreiro González
(poder outorgado en escritura
pública outorgada en O Barco perante a notario
Gabriela Marqués Mosquera co número 297 do seu
protocolo)





Anexo

DESAGREGACIÓN DE GASTO PARA A EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN	
Gatos de persoal	23.260,32 €
Dietas	600,00€
Teléfono	240,00€
Material funxible	700,00€
Alugamento salas	1.100,00€
Asesoramento psicológico	1.000,00€
TOTAL	26.900,32 €

Desagregación dos custes de persoal:

Categoría profesional	Salario anual (con pagas)	Complementos	Seguridade Social	Outros	Total	% Imputación ao programa	Importe a imputar
Director entidade	23.501,52 €	2.543,94 €	11.837,04 €	10.968,56 €	48.851,06 €	8%	3.908,08 €
Educadora social	18.502,82 €	2.967,02 €	7.229,64 €	1.136,80 €	29.836,28 €	50%	14.918,14 €
Administrativa contable	14.068,18 €	2.730,14 €	5.372,16 €		22.170,48 €	20%	4.434,10 €
						Total a imputar	23.260,32 €

